

NOTA INFORMATIVA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA NA CATEGORÍA DE ORDENANZA RESERVADA PARA SER CUBERTA POR PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADE INTELLECTUAL

De conformidade co Acordo do 17 de abril de 2026 do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo convocado por Resolución do 3 de abril do 2025 da Dirección Xeral da CSAG, lémbrese a todas as persoas aspirantes admitidas no proceso que:

A celebración do primeiro exercicio será o día **9 de maio de 2026**. O chamamento único comezará ás **09:30 horas na Facultade de Dereito da USC** (Campus Vida, Avda. do Doutor Ángel Jorge Echevarri S/N, Santiago de Compostela). Aconséllase acudir coa suficiente antelación para localizar a porta de acceso para realizar o exame.

As persoas aspirantes deberán ir provistas do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir (documento orixinal) e de bolígrafo de cor azul ou negra NON BORRABLE.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

O exercicio dará comezo unha vez rematado o chamamento de todas as persoas aspirantes e que estean sentadas no lugar asignado. O Tribunal lerá as instrucións para realizar o exercicio e ordenarase o seu inicio, indicándose a hora de comezo e de remate do exame.

As instrucións por escrito para cubrir o cuestionario entregaranse na mesa do exame de cada aspirante. Estas instrucións serán publicadas, así mesmo, na páxina web da Corporación (<https://www.crtvg.gal/gl/convocatoria-ordenanza-discapacidade-intelectual>) no día de hoxe.